

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

| Código | Centro | Concello | Ano académico |
|----------|---------------|-----------|---------------|
| 32015475 | IES O Ribeiro | Ribadavia | 2023/2024 |

Área/materia/ámbito

| Ensinanza | Nome da área/materia/ámbito | Curso | Sesións semanais | Sesións anuais |
|-------------|-----------------------------|---------|------------------|----------------|
| Bacharelato | Artes Escénicas I | 1º Bac. | 4 | 140 |

Réxime

Réxime xeral-ordinario

| Contido | Páxina |
|---|---------------|
| 1. Introducción | 3 |
| 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias | 3 |
| 3.1. Relación de unidades didácticas | 4 |
| 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas | 4 |
| 4.1. Concrecións metodolóxicas | 8 |
| 4.2. Materiais e recursos didácticos | 9 |
| 5.1. Procedemento para a avaliación inicial | 9 |
| 5.2. Criterios de cualificación e recuperación | 9 |
| 5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes | 10 |
| 5.4. Procedemento para acreditar os coñecementos necesarios en determinadas materias | 10 |
| 6. Medidas de atención á diversidade | 10 |
| 7.1. Concreción dos elementos transversais | 11 |
| 7.2. Actividades complementarias | 11 |
| 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro | 12 |
| 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora | 12 |
| 9. Outros apartados | 13 |

1. Introducción

A materia de artes escénicas ten un carácter eminentemente práctico converténdoa nun espazo de experimentación e exploración colectiva desde o que fomentar o desenvolvemento da expresividade e a creatividade.

A materia está deseñada a partir de cinco obxectivos, que se vinculan cos obxectivos xerais da etapa e coas competencias clave previstas para o bacharelato. Estes obxectivos permítenlle ao alumnado participar da vida cultural da súa contorna, difundir e valorar o patrimonio. Facilitan, igualmente, o enriquecemento do seu imaxinario, o crecemento do seu repertorio persoal de recursos, a ampliación das súas posibilidades de gozo das manifestacións artísticas e a identificación de oportunidades de desenvolvemento persoal, social, académico ou profesional ligadas a estas artes.

Así mesmo, favorecen o criterio estético, as habilidades de comunicación e negociación, o autocoñecemento, a creatividade, a empatía, a imaxinación e o espírito emprendedor.

Os contidos da materia están secuenciados en 6 unidades coa idea de tratar dúas unidades por cada trimestre.

A intención é que a materia se articule a través de varios proxectos escénicos que se desenvolvan ao longo do curso e se interpreten diante de público da comunidade educativa do noso centro.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

| Obxectivos | CCL | CP | STEM | CD | CPSAA | CC | CE | CCEC |
|---|-----|----|------|-----|-------|-----|-----|-------|
| OBX1 - Analizar manifestacións escénicas de diferentes épocas e tradicións, describindo as súas características, establecendo relacións co seu contexto e identificando posibles influencias e proxeccións, para valorar o patrimonio e enriquecer o imaxinario propio. | 2-3 | 3 | | 1-2 | 20 | 1 | | 1-2 |
| OBX2 - Explorar as posibilidades expresivas de diferentes sistemas, medios e códigos de significación escénica, a través de actividades de carácter práctico, para incorporar o seu uso ao repertorio persoal de recursos e desenvolver o criterio de selección dos máis adecuados á intención comunicativa. | 1 | | | 1 | 11-20 | 1 | 3 | 31 |
| OBX3 - Abordar a recreación e representación da acción dramática, a partir da construción colectiva de escenas que mostren todo tipo de personaxes e conflitos, para desenvolver habilidades de comunicación e negociación e reforzar o autocoñecemento, a creatividade, a empatía, a imaxinación e o espírito emprendedor en diversas situacións e contextos. | 1 | | | 2 | 11-20 | 1 | 1 | 31 |
| OBX4 - Realizar proxectos de creación e difusión escénica, planificando as súas fases, seleccionando e estruturando os elementos de significación e asumindo diferentes funcións con iniciativa e responsabilidade, para expresar unha intención comunicativa, enriquecer a contorna cultural e identificar oportunidades de desenvolvemento persoal, social, académico ou profesional. | 3 | | | 2 | 31-40 | 2-3 | 2-3 | 41-42 |

| Obxectivos | CCL | CP | STEM | CD | CPSAA | CC | CE | CCEC |
|---|-----|----|------|-----|-------|----|----|------|
| OBX5 - Valorar criticamente manifestacións escénicas, identificando o público ao que se dirixen e analizando as súas características e os seus orzamentos artísticos, para desenvolver o criterio estético, difundir o patrimonio e ampliar as posibilidades de gozo das artes escénicas. | 1-3 | | | 1-2 | 40 | 1 | | 1-2 |

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

| UD | Título | Descrición | % Peso materia | Nº sesións | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|----|--|--|----------------|------------|----------|----------|----------|
| 1 | Conceptos básicos | Nesta unidade traballaremos os conceptos básicos das artes escénicas. | 10 | 20 | X | | |
| 2 | O patrimonio escénico | Análise das distintas manifestacións escénicas ao longo da historia | 20 | 30 | X | | |
| 3 | A expresión e comunicación escénica | Estudo do espazo escénico, recursos e situacións necesarias na creación artística | 20 | 20 | | X | |
| 4 | A interpretación | Unidade de práctica interpretativa empregando as técnicas e métodos máis elementais. | 20 | 20 | | X | |
| 5 | A creación e organización do espectáculo | Análise de todos os aspectos a ter en conta na creación dun espectáculo escénico. | 20 | 30 | | | X |
| 6 | O público e a crítica | Estudo dos tipos de público e da práctica crítica. | 10 | 20 | | | X |

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

| UD | Título da UD | Duración |
|----|-------------------|----------|
| 1 | Conceptos básicos | 20 |

| Cráterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|-------------------------|------------------------|----|---|
| | | | |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|--|-----------|----------|
| CA1.3 - Identificar diferentes manifestacións escénicas, empregando a terminoloxía adecuada, reelaborando información a partir de fontes fiables, e reflexionando criticamente sobre as súas características. | Identificar diferentes manifestacións escénicas. | PE | 100 |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|--|
| <ul style="list-style-type: none"> - Artes escénicas: concepto, tipoloxías e tradicións. - As artes escénicas e a súa historia: cambios e transformacións. |

| UD | Título da UD | Duración |
|-----------|-----------------------|-----------------|
| 2 | O patrimonio escénico | 30 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|-----------|----------|
| CA1.1 - Identificar, cun vocabulario adecuado, as principais características de manifestacións escénicas de diferentes épocas e tradicións, establecendo relacións co seu contexto e evidenciando unha actitude de apertura, interese e respecto na súa recepción activa. | Identificar as características principais das manifestacións escénicas. | PE | 100 |
| CA1.2 - Establecer conexións entre manifestacións escénicas de diferentes épocas e tradicións, valorando a súa influencia sobre as artes escénicas actuais. | Relacionar as manifestacións escénicas de distintas épocas. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|--|
| <ul style="list-style-type: none"> - As artes escénicas e a súa historia: cambios e transformacións. - Dramaticidade, teatralidade e performatividade. - O patrimonio inmaterial. |

| UD | Título da UD | Duración |
|-----------|-------------------------------------|-----------------|
| 3 | A expresión e comunicación escénica | 20 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|--------------------------------|-------------------------------|-----------|----------|
|--------------------------------|-------------------------------|-----------|----------|

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|--|--|-----------|----------|
| CA2.1 - Participar, con iniciativa, confianza e creatividade, na exploración de sistemas, medios e códigos de significación escénica, a través de actividades de carácter práctico. | Participar nas actividades interpretativas. | TI | 100 |
| CA2.2 - Recrear a acción dramática, o deseño de personaxes e a configuración de situacións e escenas, seleccionando as técnicas máis adecuadas de entre as que conforman o repertorio persoal de recursos. | Utilizar técnicas sinxelas de recreación dramática | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| <ul style="list-style-type: none"> - Códigos de significación escénica: natureza, descrición e clasificación. - O espazo escénico como xerador de significado. A convención teatral. - Recursos plásticos: escenografía volumétrica e virtual, caracterización, iluminación e espazo sonoro. - Recursos literarios e outros materiais. O texto dramático. - O conflito dramático: personaxe, situación e acción dramática. - O personaxe dramático: análise, caracterización e construción. - Xogo dramático, improvisación, dramatización e creación colectiva. |

| UD | Título da UD | Duración |
|-----------|---------------------|-----------------|
| 4 | A interpretación | 20 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|-----------|----------|
| CA3.1 - Empregar técnicas elementais de interpretación, aplicando estratexias de memorización e valorando os ensaios como espazos de escoita, diálogo e aprendizaxe. | Respectar e participar nos ensaios das interpretacións propias e do grupo. | TI | 100 |
| CA3.2 - Recrear e representar a acción dramática, demostrando eficacia, seguindo as indicacións da dirección, mantendo a concentración e xestionando de forma guiada a ansiedade e o medo escénico. | Participar na representación dramática proposta de xeito guiado e correcto. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| <ul style="list-style-type: none"> - Preparación física e preparación preexpresiva. O coidado do corpo nas artes escénicas e performativas. - Métodos e técnicas de interpretación. |

| Contidos |
|--|
| <ul style="list-style-type: none"> - Os instrumentos do intérprete: expresión corporal, xestual, oral e rítmico-musical. A conciencia emocional. - A personaxe dramática: graos de representación, obxectivos e funcións. - A partitura interpretativa e a súa execución. |

| UD | Título da UD | Duración |
|-----------|--|-----------------|
| 5 | A creación e organización do espectáculo | 30 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|--|--|-----------|----------|
| CA4.2 - Avaliar e presentar os resultados da participación en proxectos de creación e difusión escénica, analizando a relación entre os obxectivos expostos e o produto final obtido, e explicando de forma argumentada as posibles diferenzas entre eles. | Presentar análise de resultados do produto final. | PE | 10 |
| CA4.1 - Participar activamente na realización de proxectos colectivos de creación e difusión escénica, asumindo diferentes funcións con iniciativa e responsabilidade, e valorando e respectando as achegas e experiencias do resto de integrantes do grupo. | Participar na realización de proxectos asumindo algunha función de responsabilidade. | TI | 90 |
| CA4.3 - Representar e adaptar a acción dramática, os elementos dramáticos, expresivos e plásticos dispoñibles aos requirimentos do proxecto para desenvolver baseándose no traballo colaborativo e inclusivo. | Participar nunha representación dramática respectando o traballo do grupo. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| <ul style="list-style-type: none"> - O espectáculo escénico: concepto e características. - Tipoloxías básicas do espectáculo: clásico, de vangarda, corporal, occidental, oriental, de obxectos, musical, dancístico, de interior, de rúa. - Outras formas de presentación escénica: happening, performance, videoteatro ou teatro-danza. - O deseño dun espectáculo: equipos, fases e áreas de traballo. - Os ensaios: tipoloxía, finalidades e organización. - Representación de espectáculos escénicos. - Estratexias de traballo en equipo. Resolución de conflitos. |

| UD | Título da UD | Duración |
|----|-----------------------|----------|
| 6 | O público e a crítica | 20 |

| Cráterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|--|----|-----|
| CA5.1 - Identificar o tipo de público ao que se dirixe un espectáculo determinado, baseando os argumentos na análise da obra e nas reaccións do público. | Identificar o tipo de público de determinado espectáculo. | PE | 100 |
| CA5.2 - Comentar manifestacións escénicas, empregando a terminoloxía adecuada, reelaborando información a partir de fontes fiables, e reflexionando criticamente sobre as súas características e orzamentos artísticos. | Presentar unha crítica a unha manifestación escénica con vocabulario axeitado. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|--|
| <ul style="list-style-type: none"> - O público: concepto e tipoloxías. - A recepción teatral: catarse, estrañamento e participación. - Estratexias e técnicas de análises de manifestacións escénicas. - O respecto da propiedade intelectual. A protección da creatividade persoal. |

4.1. Concrecións metodolóxicas

A metodoloxía predominante será a aprendizaxe baseada en proxectos e aprendizaxe baseada en retos.

A primeira resulta a aprendizaxe máis axeitada para garantir o tratamento de todos os contidos previstos e a superación dos criterios

de avaliación que se propoñen, pois requiren a identificación dunha necesidade informativa, a planificación e a distribución de tarefas entre os membros dun grupo, a realización de pequenas investigacións e tarefas integradas de cara á elaboración dun produto final que cómpre comunicar.

A aprendizaxe baseada en retos porase en acción nos proxectos finais, abordando retos que o alumnado terá que resolver, problemas,

creación de bosquexos intermedios e verificación do produto final.

Ademais, promoverase a aprendizaxe cooperativa, facendo fincapé na interdependencia xa que se busca desenvolver diferentes roles por parte do alumnado na creación de produtos escénicos completos.

Estas cuestións inclúen traballo individual, a interacción na aula e a toma de decisións a nivel grupal proporcionando ocasións para que o alumnado cre coñecemento de xeito conxunto.

Moitas das tarefas que se presentarán están pensadas para realizar en grupo de xeito integrador e favorecendo a inclusión de distintos

niveis de aprendizaxe facilitando así a atención á diversidade.

4.2. Materiais e recursos didácticos

| Denominación |
|--|
| Fondos da biblioteca |
| Aula de AAEE |
| Salón de actos |
| Atrezzo variado |
| Recursos audiovisuais. DVD do CDG e acceso á Teatroteca do INAEM |

Facilitaráselles uns apuntamentos elaborados pola profesora e traballaranse textos de teatro contemporáneo e clásico.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Non procede. Os primeiros días faranse estretaxeias de cohesión e coñecemento grupal de cara á cooperación e traballo en equipo.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

| Unidade didáctica | UD 1 | UD 2 | UD 3 | UD 4 | UD 5 | UD 6 | Total |
|-----------------------------|-----------|-----------|-----------|-----------|-----------|-----------|------------|
| Peso UD/ Tipo Ins. | 10 | 20 | 20 | 20 | 20 | 10 | 100 |
| Proba escrita | 100 | 100 | 0 | 0 | 10 | 100 | 42 |
| Táboa de indicadores | 0 | 0 | 100 | 100 | 90 | 0 | 58 |

Criterios de cualificación:

A nota de cada trimestre calcularase en base ás porcentaxes de cada instrumento de avaliación recollidos en cada unidade. Terase en conta as unidades impartidas en cada trimestre e o peso de cada unha delas con respecto ao total da materia. O peso teórico será dun 60% e o práctico dun 40%

A nota final será o resultado da nota media ponderada das cualificacións finais de cada unidade.

A materia considerarase superada cando a nota final sexa 5 ou máis.

Cando a nota de cada avaliación ou final dea números con decimais, se estes están por debaixo de 0.5 tenderase a nota enteira inferior, e se están por enriba de 0.5 tenderase a nota enteira superior, por exemplo, se a media é de 7.3 a nota será 7; se a media é 7.7 a nota será 8.

Criterios de recuperación:

Ao rematar a avaliación o alumnado que non acade o aprobado ofreceráse-lle a posibilidade de recuperar a materia facendo unha proba escrita con peso do 60% e unha práctica escénica individual que será o 40% da nota. Para considerar a materia superada terá que acadar unha cualificación de 5 ou máis.

Cando a nota de cada avaliación ou final dea números con decimais, se estes están por debaixo de 0.5 tenderase a nota enteira inferior, e se están por enriba de 0.5 tenderase a nota enteira superior, por exemplo, se a media é de 7.3 a nota será 7; se a media é 7.7 a nota será 8.

Este criterio de cualificación será igual para a proba extraordinaria.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

A recuperación da materia farase mediante exame escrito cos contidos teóricos de todo o primeiro curso, e práctico a través dunha escenificación individual dun fragmento dunha obra ou monólogo a elixir entre varias propostas do departamento. Ditos exames de recuperación poden facerse ao final de cada trimestre ou a final de curso antes da avaliación. O exame teórico suporá o 40% da nota e o práctico o 60%.

Para facer un seguimento do alumnado coa materia pendente fixarase un recreo semanal onde o alumnado poderá acudir a preguntar dúbidas e se lle ofrecerá material de apoio para preparar a materia.

5.4. Procedemento para acreditar os coñecementos necesarios en determinadas materias

Para acreditar os coñecementos necesarios farase unha proba escrita sobre os criterios mínimos da materia e unha proba individual de interpretación. A proba escrita ponderará o 60% e a de interpretación o 40%. Para acreditar os coñecementos o alumnado deberá acadar un 5 ou máis na cualificación desta proba.

6. Medidas de atención á diversidade

Prestaremos especial atención ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo, ofrecendo diferentes formas de organización dos espazos e tempos da clase, e metodoloxías variadas que permitan a todo o alumnado seguir as explicacións e actividades propostas.

O obxectivo fundamental é asegurar a normalización, inclusión e non-discriminación deste alumnado coa fin de que poida acceder a unha educación de calidade con igualdade de condicións.

Para garantir un apoio axeitado a este alumnado, é fundamental establecer canles de colaboración entre o diverso profesorado que intervéñen na súa educación, e organizar os recursos persoais e materiais do centro coa fin de desenvolver actividades encamiñadas á inserción e promoción.

Estudiaranse as circunstancias concretas de cada caso, con especial atención ao alumnado con dificultades de aprendizaxe, tendo en conta os diferentes ritmos e estilos de aprendizaxe, establecendo as liñas educativas a seguir e garantindo así os apoios necesarios. Para elo, a función da coordinación entre docentes, alumnado e familias é fundamental a través da titoría.

Con todo, para a atención á diversidade do alumnado de bacharelato estarase ao disposto na lexislación vixente na Comunidade Autónoma de Galicia.

Algunhas posibles ferramentas para organizar a atención á diversidade serían:

1. Organizar ao alumnado en diferentes agrupamentos nas actividades segundo os seus intereses e motivacións.
2. Utilizar materiais variados en ditas actividades: escritos, audiovisuais, etc.
3. Aplicar diversas técnicas e metodoloxías para explicar un mesmo contido.
4. Manter o contacto permanente con este alumnado a través de entrevista persoal e titorías coas familias para saber que parte da asignatura cóstalles máis seguir.
5. Ofrecerlle tempo extra para asimilar as explicacións (por exemplo algún recreo a semana para consultar dúbidas) e para resolver probas específicas.

7.1. Concreción dos elementos transversais

| | UD 1 | UD 2 | UD 3 | UD 4 | UD 5 | UD 6 |
|---|------|------|------|------|------|------|
| ET.1 - Comprensión lectora | X | X | X | X | X | X |
| ET.2 - Expresión oral e escrita | X | X | X | X | X | X |
| ET.3 - Comunicación audiovisual | | | X | X | X | X |
| ET.4 - Competencia dixital | | | | | X | X |
| ET.5 - Emprendemento social e empresarial | | | X | X | X | X |
| ET.6 - Fomento do espírito crítico e científico | | | | | | X |
| ET.7 - Educación emocional e en valores | | | | | X | X |
| ET.8 - Igualdade de xénero | X | X | X | X | X | X |
| ET.9 - Creatividade | | | X | X | X | X |

Observacións:

Comprensión lectora: Traballárase principalmente a través dos textos para aprender os contidos teóricos.

Expresión oral e escrita: A través da redacción de textos explicativos e traballos de exposición oral.

Creatividade: actividades de escenificación, adaptación de proxectos

Actividades que implican traballo grupal e controlar o noso propio rol dentro do grupo. .

Igualdade entre sexos: Utilización de obras de diversos estilos e épocas compostas tanto por homes como por mulleres, fomentando especialmente o repertorio composto por mulleres e intérpretes femininas.

Fomento do espírito crítico. A través da comprensión dos elementos que conforman a produción artística e dos distintos estilos e xéneros o alumnado conformará unha opinión obxectiva e crítica e isto contribuirá a fomentar un consumo responsable .

Educación emocional e en valores. Actividades grupais nas que é primordial respectar as producións dos demais e axudarse mutuamente para conseguir un produto conxunto.

Competencia dixital: investigación e consulta de contido na rede, traballo na busca de información fiable e filtrada.

Comunicación audiovisual: Gravación, publicación e distribución dos proxectos.

-

7.2. Actividades complementarias

| Actividade | Descrición | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|---|---|----------|----------|----------|
| Espectáculo escénico | Asistencia como público a algún espectáculo escénico | | | |
| Interpretación conxunta Samaín, Día contra a Violencia, Nadal, Fin de curso, Letras Galegas | Participar nalgunha actividade do centro interpretando algunha escenificacións traballadas durante o curso. | | | |

Observacións:

Tentaremos elvar a cabo accións e instalacións/ performances ao longo do curso, tanto polos corredores do IES coma na entrada, patior etc... para conmemorar as datas sinaladas durante o curso: Samaís, Día contra a violencia de xénero, Día da paz no ensino, Día de Rosalía, Día da muller, Día Mundial do teatro, Día das LLGG e fin de curso.

Prestaremos especial atención ao Nadal, Letras Galegas e Fin de curso, datas nas que intentaremos facer montaxes máis elaboradas no Salón de actos.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

| Indicadores de logro |
|-----------------------|
| Ben ou Acadado |
| Mal ou Non acadado |
| Regular ou Mellorable |

Descrición:

A programación é un documento aberto e susceptible de cambios segundo observemos os procedementos que funcionan e os que non. Debe revisarse cada ano coa fin de adaptala mellor á realidade das aulas. A posta en práctica de dita programación é o que nos permite melloralas, recollendo a través dos procedementos de avaliación da propia programación e da práctica docente, a información necesaria para reformala. O proceso de avaliación da propia programación e da práctica docente realízase dentro do Departamento coa información recollida polos docentes sobre diferentes aspectos do desenvolvemento da mesma, que debería incluír unha valoración/avaliación dos estudantes, do seu propio proceso de ensino-aprendizaxe, que pode realizarse a través dun cuestionario ou unha entrevista con cada alumno a final e curso. Algúns dos ítems a contemplar para avaliar a propia programación e a práctica docente mediante rúbrica son os seguintes:

- Comprobación dos obxectivos propostos: se estes se adaptan ao curso correspondente, se se poden acadar coas unidades propostas, a porcentaxe de alumnado que consegue ditos obxectivos, etc.
- Idoneidade das unidades didácticas propostas: se hai correlación entre obxectivos, contidos e criterios de cualificación nestas, a corrección da temporalización. e se contribúen realmente a acadar as competencias clave.
- Utilidade dos materiais didácticos empregados: comprobar se o alumnado os entende, se son variados, se están adaptados para o alumnado con necesidades educativas específicas e de apoio educativo, se inclúen TIC, etc.
- Valoración dos criterios e instrumentos de avaliación e cualificación: se son útiles e precisos, se os instrumentos de avaliación inclúen métodos cualitativos e cuantitativos, se se inclúen procedementos de recuperación, etc.
- Grao de implicación dos estudantes no proceso de ensino-aprendizaxe: coñecen os obxectivos propostos, o repertorio e actividades parécenlles adecuados, coñecen os criterios de avaliación e cualificación, etc.
- Tido en conta o anterior, elaboración de propostas de mellora.

Os ítems anteriores avaliaranse mediante os indicadores ben ou acadado, mal ou non acadado e regular ou mellorable no caso de que sexa acadado pero que se poida revisar e mellorar.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Para o seguimento da programación, avaliación desta e propostas de melloras utilizaremos unha táboa de indicadores considerando os ítems expostos no punto anterior: "avaliación do proceso de ensino e práctica docente", valorando para cada un deses ítems o grao de consecución e facendo propostas de mellora naqueles puntos que se observen carencias. Así o procedemento de seguimento e avaliación da programación e da práctica docente farase mediante táboas de indicadores, ficha con preguntas a cubrir polo alumnado e entrevista persoal co alumnado.

A partir da análise dos datos extraídos destes procedementos de seguimento, faranse as correspondentes propostas

de mellora.

Dito seguimento farase trimestralmente acordando en reunión de departamento os cambios a introducir na programación a través da aplicación proens en cada trimestre e a final de curso de cara ao ano seguinte.

9. Outros apartados